

LAUDATIO A NOVA GALICIA EDICIÓNS

Boas noites:

Con seguridade que moitos de vós sabedes da presentación esta semana en Vigo dos tres volumes do catálogo universal de Laxeiro. Promovido pola Fundación Laxeiro e tras tres anos de traballo de creación editorial, os dous primeiros tomos do catálogo recollen vinte e cinco pezas comentadas, unha selección de 500 obras do xenial pintor de Botos e numerosos traballos críticos; mentres que o terceiro inclúe a reprodución reducida do corpus da obra do lalinense, 3.581 referencias (óleos, murais, gravados, viñetas, etc.) das que dúas mil trescentas permanecían inéditas, ademais de un devedé no que se clasifica cada unha nunha ficha técnica con título, data, medida, inscricións, bibliografía e varias posibilidades de busca. Esta formidable alfaia editorial é a máis recente publicación de Nova Galicia Edicións, a editora viguesa fundada por Carlos del Pulgar Sabín o 11 de febreiro de 1984, a quen hoxe todos os membros da Asociación Galega de Editores queremos tributar agarimeira e merecida homenaxe con motivo da súa brillante traxectoria ao longo dos seus primeiros vinte e cinco anos.

Ben sabemos que todas as editoras galegas naceron dun soño inicial de promover a nosa cultura e a nosa lingua. O de Carlos del Pulgar, vencellado ao longo da súa vida profesional sempre co mundo do libro, foi o de recuperar publicacións culturais históricas proporcionándolles nova vida por medio da súa edición facsímil. Ao longo da primeira década da historia de Nova Galicia, Del Pulgar fixo plenamente realidade ese soño recuperando as coleccións d' *A Nosa Terra*, tanto a histórica (a primeira obra da editora) como a do exilio, d' *A Fouce*, de *Galezca* ou das separatas que no seu día se entregaron coa revista *Nós*. Cinco pezas claves na historia do noso xornalismo cultural que abriron o camiño do que é hoxe un catálogo que supera as cincocentas referencias, organizadas en sete eidos temáticos, onde salienta sobre maneira a preocupación polo mundo da Arte, unha decidida aposta pola edición plurilingüe e unha inequívoca vontade exportadora.

En 1997, o equipo que dirixe Carlos del Pulgar toma unha decisión decisiva para a consolidación do proxecto de Nova Galicia Edicións o inicio da colección “Artistas Galegos” dedicada a pintores, escultores e arquitectos. O éxito destes volumes de

grande formato, óptimas calidades de edición (encadernadas en tea, sobre tapa dura, con sobrecuberta), edición en catro linguas (galego, español, portugués e inglés) foi rotundo. Hoxe os trinta volumes editados supoñen o máis importante museo de papel da historia da edición galega, xa que nas máis de doce mil páxinas editadas reproducíronse máis de vinte mil pezas correspondentes a máis de catrocentos artistas. Un feito histórico na nosa edición, sen precedentes na difusión da pintura, escultura e arquitectura galega que atopou no proxecto de Pulgar, dirixido por Antón Pulido, o vehículo editorial axeitado para dalas a coñecer tanto o público como galego como a proxectalas, tamén por vez primeira, internacionalmente.

A serie de Artistas Galegos, decantou o proxecto de Nova Galicia Edicións cara a súa especialización no terreo da Arte e da edición de grandes obras. Así naceu a colección de promoción de arte e cultura de Galicia e Norte de Portugal (recuperando o espazo cultural da antiga Gallaecia) con volumes dedicados á arqueoloxía, etnografía, pintura, escultura, arquitectura e particular atención aos museos deste espazo cultural.

Esta especialización levou ao equipo de profesionais de Nova Galicia a acometer a edición de catálogos de exposicións e monografías de arte. Velaí o catálogo universal de Laxeiro, velaí *Quessada. Arte e Liberdade*, obra marabillosa, merecedora en 2004 do Premio ao libro mellor editado na categoría de Arte, adxudicado polo Ministerio de Cultura. Velaí o catálogo completo do xove pintor, Xaime Quesada Blanco, falecido tan prematuramente.

Esta especialización no mundo da Arte, non impediu á editorial da viguesa avenida Ricardo Mella, a partir de 2003, explorar con éxito outros ámbitos temáticos e outros tipos de edición. Así naceron as súas coleccións de libros ilustrados de literatura infantil; as súas novidasas coleccións didácticas (moi vencelladas a temas de actualidade e ao mundo dos valores), dirixidas tanto ás bibliotecas escolares como ás familiares; como algunhas incursións no eido da edición literaria e dos libros de autoaxuda. Obras nas que destaca sempre a excelencia na composición visual do libro, a súa eficacia comunicativa e a calidade dos textos. Obras concibidas para ser exportadas e editadas noutras linguas. Así os títulos das coleccións “Saber para vivir” e “Que me dis?” agardan a súa publicación en holandés, lituano e finés despois de telo feito xa noutra media ducia de linguas.

O de Nova Galicia é un catálogo vizoso, ben chantado nas súas raíces sobre o mundo das artes, como corresponde á primeira editorial do país neste ámbito e da que todo o sector non sentimos orgullosos. Nova Galicia é sinónimo de calidade, de excelencia, de coidado e mimo dos máis pequenos detalles que fan de cada título un obxecto singular e diferente. Traballo de artesáns do libro, traballo desas vinte e sete persoas que hoxe compoñen o cadro de profesionais da editora, que fan ben as cousas por que non saben facelas doutro xeito.

Mención á parte merece o traballo de proxección que fóra das nosas fronteiras realiza o equipo de Carlos del Pulgar. Nova Galicia é hoxe a nosa editora cultural que exporta os seus libros a maior número de países (aos cinco continentes, con presenza comercial dende China a Sudáfrica, dende Nova Zelandia á India, dende México e Brasil a Irán), ademais de estar presente con estand propio nun grande número de feiras internacionais do libro (dende a BEA norteamericana á bienal brasileira, dende a de Bos Aires a Guadalaxara, presentando o libro galego á nosa comunidade emigrante, esforzo que lle valeu o Trofeo á Galeguidade do ano 2005). Valla como exemplo que é a única editora galega presente en Frankfurt no pavillón destinado á lingua inglesa, o auténtico corazón da feira alemá. Actividade exportadora que realiza, ademais, participando en diversas misións comerciais, como a máis recente deste ano na China.

Ben orgulloso ten que estar Carlos del Pulgar e o seu equipo do camiño percorrido nestes seus primeiros vinte e cinco anos rendendo tan importantes servizos á cultura galega, especialmente á promoción da arte galega polo mundo. Pídvos un caloroso aplauso para esta súa proeza. Beizóns, irmáns do libro e da lectura galega.

Manuel Bragado, Ourense 19 de decembro de 2009